

LISTAXE DE CENTROS DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DA AGACAL

CFEA GUÍSAMO

Ciclo Formativo de Grao Medio en Xardinaría e Floraría (semipresencial)

Ciclo Formativo de Grao Superior en Paisaxismo e Medio Rural (semipresencial)

CFEA SERGUDE

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural

Ciclo Formativo de Grao Medio en Producción Agropecuaria

Ciclo Formativo de Grao Superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal

Ciclo Formativo de Grao Medio en Producción Agroecolóxica (adultos > 18 anos)

CFEA PEDRO MURIAS

Ciclo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural (FP Dual)

CFEA LOURIZÁN

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural

Ciclo Formativo de Grao Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural

CFEA BECERREÁ

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural

Ciclo Formativo de Grao Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural

CFEA MONFORTE

Cursos de Incorporación á empresa agraria e programa de formación continua a través da plataforma de teleformación

OFERTA FORMATIVA

CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE SERGUDE

CURSO 2021-2022

FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO: REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS

**NOVO PRAZO DE INSCRIPCIÓN
1-9 DE SETEMBRO**

O rural suma contigo

SERVIZO DE RESIDENCIA DE ESTUDANTES

Os centros de formación e experimentación agroforestal da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) levan preto de 50 anos formando profesionais no sector agrario galego, o que permite ofrecer unha formación de calidade, eminentemente práctica e participativa.

Son numerosos os proxectos de colaboración con empresas, universidades e administracións públicas que permiten unha formación integral do noso alumnado.

A realización de viaxes colectivas e os programas ERASMUS+ enriquecen esta preparación a través do intercambio de experiencias e cultura.

O resultado: elevadas taxas de inserción laboral, con altos índices de autoemprego.

Os centros de formación e experimentación agroforestal da Agacal posibilitan ademais a obtención, en tan só 3 anos, de dúas titulacións de grao superior: XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL (2 anos en réxime presencial ordinario nos CFEA de Becerreá ou Lourizán) + PAISAXISMO E MEDIO RURAL (1 ano en réxime semipresencial, no CFEA de Guísamo). Grazas a isto terás unha formación máis completa e aumentarán as túas oportunidades profesionais.

MAGA04 - Aproveitamento e conservación do medio natural. 20 prazas (Réxime presencial ordinario)

Curso	Módulo Profesional	Horas	Saídas Profesionais
1º	Formación e orientación laboral	107	Traballador/a especialista en traballos de repoboación e tratamentos silvícolas.
	Fundamentos agronómicos	159	Motoserrista.
	Maquinaria e instalacións forestais	214	Maquinista de procesadora forestal.
	Principios de sanidade vexetal	107	Traballador/a especializado/a en inventario, seguimento e adecuación do hábitat.
	Producción de planta forestal en viveiro	159	Auxiliar en traballos de control de depredadores/ especies invasoras.
2º	Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas	214	Aplicador/a de produtos fitosanitarios.
	Aproveitamento do medio natural	193	Traballador/a cualificado/a en cultivo de plantas en viveiros forestais.
	Conservación das especies cinexéticas e piscícolas	123	
	Control fitosanitario	87	
	Empresa e iniciativa emprendedora	53	
	Formación en centros de traballo	410	
	Prevención de incendios forestais	87	
	Uso público en espazos naturais	87	

MAGA01 - Producción agroecolóxica. 15 prazas/módulo (Réxime presencial de persoas adultas -modular-)

Curso	Módulo Profesional	Horas	Saídas Profesionais
1º	Formación e orientación laboral	107	Traballador/a cualificado/a en cultivos e gandaría ecolóxica.
	Fundamentos agronómicos	159	Agricultor/a ecolóxico.
	Fundamentos zootécnicos	160	Criador/a de gando ecolóxico.
	Implantación de cultivos ecolóxicos	160	Avicultor/a ecolóxico.
	Infraestruturas e instalacións agrícolas	107	Apicultor/a ecolóxico.
2º	Principios de sanidade vexetal	107	Produtor/a de leite ecolóxico.
	Taller e equipamentos de tracción	160	Produtor/a de ovos ecolóxico.
	Comercialización de produtos agroecolóxicos	70	Operador/a de maquinaria agrícola e gandeira.
	Empresa e iniciativa emprendedora	53	Traballador/a cualificado/a en cultivos e gandaría ecolóxica.
	Formación en centros de traballo	410	Agricultor/a ecolóxico.
	Manexo sanitario do agrosistema	105	
	Producción gandeira ecolóxica	210	
	Producción vexetal ecolóxica	192	

*NOTA: Os módulos en negriña están asociados a algunha unidade de competencia

A diferenza da modalidade ordinaria, o réxime de persoas adultas (>18 anos) permite realizar a matrícula por módulos e deseñar os itinerarios formativos que mellor se adapten ás súas necesidades (en 2+1, 3+1 e 4+1 anos).

O Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude ofrece unha formación de gran calidade, cun alto contido práctico e personalizado, sendo o único centro público en Galicia que oferta o Ciclo de Grao Superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal. A calidade e o amplo abano da súa oferta formativa susténtanse na grande extensión que ocupa a explotación forestal, agrícola e gandeira que acada as 100 ha.

SAGA03 - Gandaría e asistencia en sanidade animal. 22 prazas (Réxime presencial ordinario)

Curso	Módulo Profesional	Horas	Saídas Profesionais
1º	Bioseguridade	107	Encargado/a de explotación e equipamentos gandeiros.
	Formación e orientación laboral	107	Responsable da produción en cooperativas, explotacións ou empresas gandeiras, etc.
	Maquinaria e instalacións gandeiras	213	Responsable do manexo e instalacións do gando equino en centros de adestramento e doma e en escolas e clubs de equitación.
	Organización e control da reprodución e cría	213	Responsable xestor/a de ganderías equinas.
	Xestión da produción animal	240	Asesor/a e supervisor/a para a xestión de empresas e entidades asociadas a eventos ecuestres e actividades recreativas, deportivas e terapéuticas.
2º	Xestión da recría de cabalos	80	Axudante de veterinaria en centros de investigación.
	Asistencia á atención veterinaria	191	Visitador/a de produtos de veterinaria.
	Empresa e iniciativa emprendedora	53	
	Formación en centros de traballo	384	
	Organización e supervisión da doma e manexo de équidos	123	
	Proxecto de gandería e asistencia en sanidade animal	26	
	Saneamento gandeiro	140	
	Xestión de centros veterinarios	123	

MAGA02 - Producción agropecuaria. 20 prazas (Réxime presencial ordinario)

Curso	Módulo Profesional	Horas	Saídas Profesionais
1º	Formación e orientación laboral	107	Traballador/a cualificado/a en cultivos e gandaría.
	Fundamentos agronómicos	159	Agricultor/a, horticultor/a, fruticultor/a, floricultor/a.
	Fundamentos zootécnicos	160	Criador/ra de gando, avicultor/a, apicultor/a, produtor/a de leite, produtor/a de ovos.
	Implantación de cultivos	160	Operador/a de maquinaria agrícola e gandeira.
	Infraestruturas e instalacións agrícolas	107	
2º	Principios de sanidade vexetal	107	
	Taller e equipamentos de tracción	160	
	Control fitosanitario	87	
	Empresa e iniciativa emprendedora	53	
	Formación en centros de traballo	410	
	Producción agrícola	193	
	Producción de carne e outras producións	157	
	Producción de leite, ovos e animais para vida	140	

Os distintos módulos que constitúen os ciclos ofertados son impartidos por docentes altamente especializados e cun alto grao de motivación, pertencentes á rede intercentros da Agacal.

Cabe salientar a relación dinámica que o centro mantén co sector empresarial que lle atinxe, tanto con empresas consolidadas na zona como coas persoas emprendedoras que, ao longo do tempo, teñen constituído un verdadeiro tecido emprendedor e ocupan nichos laborais altamente especializados.

Os ciclos de grao medio e superior levan aparelado a Formación en Centros de Traballo. O alumnado desempeña as actividades propias da súa profesión. Isto, indubidablemente, redunda nun alto grao de inserción laboral ademais de espertar o espírito emprendedor de quen o realiza.

OUTROS SERVIZOS

Residencia de estudantes

DATOS DE CONTACTO

Lugar de Quián, 15881 Sergude - Boqueixón (A Coruña)

Tel.:881 867 325 / 881 867 326

Correo-e: ceca.sergude@edu.xunta.es

